

CASÁS, FERNANDO (Gondomar, 1946). Pasou gran parte da súa vida no Brasil, onde desenvolveu, dende fins dos anos sesenta, unha obra preocupada por deixar en evidencia o desgaste e o paso do tempo pola natureza, elaborando un dos máis interesantes e persoais proxectos na relación arte-natureza, que fan que sexa considerado pola crítica especializada como un dos grandes precursores neste campo. En 1989 gaña o prestixioso Premio Ibeu con *Amazonas, Série Negra*, considerada pola crítica a mellor exposición individual do ano na cidade de Río de Janeiro. Este mesmo ano regresa ao Val Miñor, sendo na actualidade profesor de Escultura na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Ten realizado exposicións en cidades de todo o mundo, entre as que podemos citar: São Paulo, Río de Janeiro, Den Bosch, Eindhoven, Xerusalén, Xenebra, Segovia, Madrid, A Coruña, Vigo. Ten obras en espazos públicos como a Illa das Esculturas de Pontevedra, no University Botanic Garden de Xerusalén, no Parque das Esculturas da Catacumba en Río de Janeiro, na Praza do Burgo das Nacións de Santiago de Compostela ou no Seef & Marks Community Gardens de Xerusalén. Na actualidade traballa na escultura *Árbores como Arqueoloxía* que quedará instalada permanentemente en Huesca dentro do Proyecto Arte y Naturaleza.

COSTA RICO, ANTÓN (Castellar de la Frontera, Cádiz, 1952). Doutor en Ciencias da Educación e profesor de Política Educativa e da Historia da Educación en Galicia na Universidade de Santiago de Compostela. Foi director do Instituto de Ciencias da Educación da USC e decano da Facultade de Ciencias da Educación. Un dos iniciadores da pedagogía Freinet na Galicia dos anos setenta e dos creadores do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega (1983). Ademais da súa actividade académica e universitaria, asociativa e cívica, é autor dunha ampla obra no campo da pedagogía, con títulos como *O ensino en Galicia. Problemática e perspectivas* (1980), *Escolas e Mestres* (1989), *A educación en Galicia* (1994), o primeiro *Informe do Consello Escolar de Galicia*, *Historia do Ensino no Reino de Galiza* (1995) ou *El ilustrado Padre Sarmiento: La educación de la niñez y de la juventud* (2002).

COSTAS GOBERNA, FERNANDO XABIER (San Paio de Navia, Vigo, 1953). Coautor de *Petroglifos del litoral Sur de la Ría de Vigo* (Vigo, 1984) obra, xa clásica, que impulsou o coñecemento e o recoñecemento dos gravados rupestres do Sudoeste de Galicia e aportou a novidade da presentación ao completo das representacións de armas da Serra do Galiñeiro, as máis importantes de Europa neste xénero. Froito dos seus estudos na zona Alpina (Italia, Francia e Suíza) e na Escandinavia é *La figura humana en los grabados rupestres del continente europeo* (Vigo, 1995). Resultado das súas

visitas a Sudamérica son *Los grabados rupestres de la zona de las Barinas, Venezuela* (1997), *Aproximación al Arte Rupestre en la región del Orinoco* (Vigo, 1996) e *Los grabados rupestres de Baja California Sur, México* (Vigo, 1997). Cumpre destacar tamén as súas achegas na fotografía ao natural e no levantamento de calcos sobre papel dos gravados rupestres que deron lugar a numerosas exposicións de divulgación dos petroglifos que dirixiu e/ou codirixiu, entre as que podemos salientar a celebrada en Italia no ano 2000. Tamén ten realizado traballos no campo da etnografía sobre os muíños de auga, os de vento do Sudoeste de Galicia, as salinas da Ría de Vigo, o xogo de bolos do Val Miñor e Baixo Miño e os xogos de taboleiro en Galicia.

DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO (Pajares de los Oteros, León, 1952) Arqueólogo. Na actualidade é Conservador dos Fondos Arqueolóxicos do Museo de Pontevedra. Membro de diversas institucións culturais, a súa actividade investigadora céntrase sobre todo en tres aspectos: o mundo castreño, as orixes da cidade de Pontevedra e a arte rupestre galaica, da que leva catalogado máis de medio milleiro de complexos de gravados. Os resultados das súas publicacións foron publicados en 14 libros, máis de douscentos artigos, presentados en máis dun cento de congresos ou cursos e máis de trescentas conferencias, relatorios, mesas redondas ou comunicacións. Tamén leva dirixidas corenta campañas de escavación, entre elas as dos castros de Torroso (Mos) e Santa Tegra (A Guarda). Entre as súas publicacións podemos salientar: *Los petroglifos gallegos* (con J. M. Vázquez Varela), Sargadelos, 1979; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra* (con A. García Alén), Fundación Barrié, 1980; *Castro de Torroso*, Xunta de Galicia, 1992; *Prehistoria de Galicia* (con X.M. Bello), Santiago, 1995; *Historia de Pontevedra* (colectivo), Santiago, 1996; *Historia de Vigo* (colectivo); Santiago, 1999; *Os petroglifos gallegos*, Vigo, 1999.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (Vilanova de Lourenzán, 1913). Dende moi novo estivo vinculado ao galeguismo. Iniciou a carreira de Dereito na Universidade de Madrid e rematouna na de Santiago, na que foi Prof. de Dereito Civil. En Compostela colabora co Seminario de Estudos Galegos e é Secretario das Mocidades Galeguistas. Tras a sublevación militar de 1936 é cesado como profesor e multado. Logra salvarse presentándose no cuartel, sendo destinado a varios frontes de guerra. En 1939 establécese en Vigo onde sobrevive impartindo clases e realizando outros traballos, ao tempo que participa na reorganización política do galeguismo e desenvolve unha ampla actividade xornalística empregando diversos seudónimos, entre outros o de Salvador Lorenzana. En 1950 participa na fundación da Editorial Galaxia e da revista Grial, das que foi durante anos o dinamizador. En 1963 asume a dirección da Fundación Penzol; nese mesmo ano presentou á Real Academia Galega a proposta de instituír o 17 de maio como Día das Letras Galegas. En 1997 asumiu a presidencia da Real Academia Galega, cargo no

que cesou en 2001. Dende hai anos pasa os meses do verán en Panxón. Ten unha extensa obra de máis de 26 títulos, milleiros de artigos en xornais e revistas, centos de conferencias sobre os máis variados temas. Entre as súas obras podemos citar *Cos ollos do noso espírito* (1949), *Historia da Literatura Galega* (1951), *Galicia no espello* (1954) *Escolma da poesía galega. Os contemporáneos* (1955), *Escolma de poesía galega. O século XIX* (1957), *Un país e unha cultura* (1973), *Letras do noso tempo* (1974), *Antolín Faraldo. Un precursor* (1978), *Pensamento galeguista do século XIX* (1983), *Pensamento galeguista do século XX* (1983), *Ánxel Casal e o libro galego* (1983), *As peregrinacións xacobeas* (1984), *Escritores de Portugal e do Brasil* (1984), *O señor da Casa Grande de Cima de Vila* (1988), *Alvaro Cunqueiro e o seu mundo* (1991), *O cego de Pumardedón* (1992); publicou tamén unhas memorias baixo o título *O río do tempo: unha historia vivida* (1990) e dous volumes de correspondencia.

GARRIDO RODRÍGUEZ, XAIME (Vigo, 1938). Realizou estudos de Belas Artes na Escola de San Fernando de Madrid e titulouse en Arquitectura na mesma cidade. Estableceu o seu estudio de arquitectura na cidade olívica. Realizou viaxes de estudio por diversos países de Europa e América. Entre 1968 e 1973 foi Arquitecto Municipal de Baiona. Foi presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos e asesor técnico da U. de Vigo. É membro do Instituto de Estudos Vigueses e do Instituto de Estudos Tudenses. Defensor do patrimonio, logrou que se declarasen Bens de Interese Cultural tanto a estación vella do ferrocarril de Vigo como o antigo Pazo de Xustiza. Recibiu o premio de investigación da Deputación de Pontevedra nos anos 1986 e 1989. Descubriu a estación paleolítica de Chan do Cereixo-Portavedra (Gondomar). Destaca tamén como fotógrafo e ten publicado numerosos e diversos traballos. Entre as súas obras cómpre subliñar: *Fortalezas de la provincia de Tui* (1987), que vén de ser reeditada; *Vigo, la ciudad que se perdió* (1991, 1992, 1994); *Arquitectura da pedra en Vigo* (1999). En colaboración ten tamén publicado: *Vigo 1900-1920, arquitectura modernista* (1980) e *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (1995). Na compañía de José M^a Ramón Iglesias Veiga remata de publicar *Vigo, arquitectura urbana* (2000). Mantén unha especial relación co Val Miñor, onde reside gran parte do ano.

GONZÁLEZ PÉREZ, JUAN A. (A Ramallosa, Nigrán, 1963). Licenciado en Xeografía e Historia, especialidade Historia, Arte e Xeografía de Galicia pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou o primeiro curso de Doutoramento no Departamento H^a Contemporánea da USC, e o segundo no mesmo departamento da Universidade de Les Illes Balears. Ten publicado en colaboración *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón* (1996) e *Nigrán. Memoria dunha Guerra 1936-1939* (1999).

IGLESIAS VEIGA, XOSÉ M^a RAMÓN (Sanguñeda, Mos, 1957). Diplomado en Maxisterio e Licenciado en Xeografía e Historia. Na actualidade ultima a tese de doutoramento "A tendencia rexionalista na arquitectura galega das primeiras décadas do século XX". É membro numerario do Instituto de Estudos Vigueses. É profesor no IES "Pino Manso" do Porriño. Da súa investigación son froito as seguintes publicacións: *Antonio Palacios, Arquitecto. Do Porriño a Galicia* (1993); *Antonio Palacios. A pedra, o país, a arte, o urbanismo* (1995); *O Porriño (1895-1995), recuerdos de un siglo; Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (Coautor) (1995). Xunto a Xaime Garrido, *Vigo, arquitectura urbana* (2000). Con Jacobo Armero vén de publicar *Antonio Palacios. Plan de extensión e reforma interior da cidade de Vigo*. Foi asesor técnico da exposición sobre a obra de Antonio Palacios impulsada pola Xunta de Galicia e da exposición *Antonio Palacios, arquitectura e cidade* organizada polo Concello de Vigo e o Círculo de Bellas Artes de Madrid. Ten publicado numerosos artigos en revistas especializadas.

IGLESIAS VIQUEIRA, VÍCTOR MANUEL (Vigo, 1947). Periodista e escritor. Redactor de *Faro de Vigo* desde 1966, foi correspondente de *El Caso* e de diversas axencias de noticias, así como colaborador en distintas emisoras de radio e revistas de humor. Autor de numerosos libros de humor, máximas e novela curta, é coñecido sobre todo polos seus *Pensamentos de miau* e polos contos para nenos, publicados ambos en *Faro de Vigo*.

LEBOREIRO AMARO, MARÍA A. (México D.F., 1951) Dr. Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade Politécnica de Madrid. Na actualidade exerce como Profesora Titular Interina no Departamento de Urbanismo e Ordenación do Territorio da ETSAM. A súa actividade profesional desenvólvese basicamente en Galicia, onde realiza traballos de Urbanismo e Arquitectura. Entre as súas publicacións, amais de artigos en revistas e xornais, cómpre destacar as seguintes: *Vigo, puerto y destino. Atlas urbanístico de Vigo*. COAG- Fundación Provigo (2000), *A vida nos balnearios de Galicia* (1996) e *El balneario, la ciudad ensimismada* COAG (1994), na que se recolle a súa tese de doutoramento.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, XOSÉ M. (Moxico, Angola, 1961). É pedagogo e profesor asociado da Universidade de Vigo. Ten publicado diferentes traballos de temática educativa relacionados coa formación ocupacional — *Procedimiento de construcción de recursos didácticos y materiales para la formación*. (1999), *Escolas Obradoiro e Casas de Oficios en Galicia*, 1999. (2000)— e coa intervención educativa dos emigrantes galegos desde América — *A escola da Bandeira. Unha nova escola en Galicia*. 1909-1936. (2000), *Fomento de la Instrucción Gallega*, edición facsímile (2002), así como tamén traballos en libros colectivos e revistas. Gañou o 2º Premio do

IV Certame de Ensaio sobre Porto Rico en 1995, convocado pola Universidade de Santiago e a Casa de Puerto Rico en España; o premio de periodismo "Práctica educativa" da revista *Cuadernos de Pedagogía* en 1996; o Premio de Investigación da Deputación de Pontevedra en 1997 e o Accésit do XX Premio Nacional de Periodismo Julio Camba, patrocinado pola Caixa de Pontevedra en 1998.

MARTÍNEZ MARTÍNEZ, CARLOS (Orihuela, Alacante, 1967). Licenciado en Filloxía Inglesa pola U. de Salamanca. Na actualidade exerce como profesor no IES "José Saramago" de Las Palmas de Gran Canaria. Con anterioridade exerceu, durante dez anos, en Galicia: no IES "Escolas Proval" de Nigrán, e en Santiago, Viana do Bolo e Verín.

MOURIÑO, MIGUEL ANXO (Oubiña, Cambados, 1943). Mestre en Río Maior, Vilaboa. Reside en Pontevedra, aínda que cando se lle pregunta de onde é resposta invariablemente "de Gondomar". Viviu durante anos nas Escolas Proval, cando os seus pais D. Luís Mouriño e Dona Sara, eran os mestres. Publicou dous libros de poemas: *Camariña (Sete cruces e unha esperanza)* (1990) e *E segues a tirarme das entrañas* (1997).

PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a. C. (A Lama, Pontevedra, 1955). Doutora en Filosofía e Ciencias da Educación-Sección Pedagogía pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade é Profesora Titular da Área de Teoría e Historia da Educación, no Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, na Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Ourense, da Universidade de Vigo.

PEREIRA MARTÍNEZ, XOSÉ ALFREDO (Areas, Santa Cristina da Ramallosa, 1956). Vinculado ao movemento de recuperación dos montes veciñais en man común dende a metade da década dos 70, participando nos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e na Coordinadora de Montes de Pontevedra. En 1989 forma parte da Coordinadora de Montes de Galicia. En 1992 é un dos fundadores da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, a primeira mancomunidade de montes do país legalizada. En 1997 preside o 1^o Congreso Galego de Comunidades de Montes sendo nomeado presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común en 1999, cargo que ocupa na actualidade. Tamén é presidente da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, Baiona.

RODRÍGUEZ MUÑOZ, SALVADOR (Zamora, 1957). Licenciado en Química pola USC. Profesor de Física e Química no IES "Escolas Proval" do que foi Director durante moitos anos. Dende 1987 é responsábel da estación termopluiométrica do Instituto Nacional de Meteoroloxía no Val Miñor.

VASCONCELLOS CABRAL, CAÍNO (Baiona, 1947). Artista autodidacta. Entre os anos 1970 e 1972, en Londres, inicia a súa carreira. Son anos de inquietude, de aproveitar o tempo, de visitas diarias á National Gallery, de estudio constante. As formas visuais, a pintura moderna, os clásicos, nada se lle escapa ao tempo que realiza as primeiras exposicións cun grupo de pintores de Hyde Park. De regreso no Val Miñor, instálase definitivamente en Baiona, a súa vila. Dedicase ao ensino nun curto período. Neste anos emprega tanto o óleo como a acuarela ou a prumiña. Ten ilustrado infinidade de libros e colaborado coa prensa cos seus debuxos e pinturas. Participou en preto de corenta exposicións colectivas e realizou dez individuais. Entre as cidades que acolleron a súa obra podemos citar: Baiona, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo, Viana do Castelo, Vila Praia de Áncora, Bilbo, Madrid, Barcelona, Londres, New York ...

VILLANUEVA-BEMBIBRE, SERAFÍN (Mourisca de Viana, Ourense, 1935). Reside dende hai anos en Priegue. É licenciado en Teoloxía, CC. Políticas, Filosofía e L., Historia e Filoloxía Clásica. Exerce como Profesor de Filoloxía Clásica nun IES de Vigo. Ten publicado *Curso de morfoloxía indoeuropea aplicada á lingua latina* (1996). Colabora en diversos medios escritos.